



CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN E CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL NO CONCELLO DE VILA DE CRUCES.

O Concello de Vila de Cruces aprobou mediante Resolución da Alcaldía núm. 174/2014, de 30 de xuño, dar comezo a un novo procedemento de contratación de:

- **operario conductor/a maquinista desbrozador.**

O citado procedemento rexirase polas Bases aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada do pasado día 23 de maio de 2014, modificándose a **Base Cuarta, en relación co prazo de presentación de instancias, que pasará a ser de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra**

As persoas interesadas poden consulta-las bases no Departamento de Secretaría do Concello de Vila de Cruces, e na páxina web do concello (www.viladecruces.es), sendo o prazo para a presentación de instancias de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Asemesmo créase unha bolsa de traballo cunha vixencia de dous (2) anos, que servirá para cubri-las necesidades transitorias de persoal operario maquinista desbrozador, que requiran puntualmente a contratación de persoal laboral por capacidade laboral temporal, permisos ou licenzas ou excepcionalmente para atender servizos temporais, estacionais ou urxentes que non poidan prestarse co persoal existente.

Máis información nas bases, a consultar en horario de oficinas na propia Casa do Concello.

Vila de Cruces, 30 de xuño de 2014.

O ALCALDE,




Jesús Otero Varela.